



INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO "FELGA" (IN408A 2017/19)

UBICACIÓN: CONCELLOS DE COIRÓS, OZA-CESURAS E ARANGA (A CORUÑA)

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: GREENALIA WIND POWER, SLU

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 12 de novembro de 2020, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o "Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico "Felga", nos termos municipais de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña)" de febreiro de 2020, en cumprimento dos artigos 37.2 e 37.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico "Felga" ten por obxecto identificar, predicir e previr as alteracións ambientais producidas polo dito parque eólico, sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a auga, os factores climáticos, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, abarcando desde o inicio das obras ata a conclusión da explotación e o consecuente abandono da actividade, establecéndose as medidas protectoras e correctoras que reduzan ou anulen as alteracións producidas, así como un Programa de Vixilancia Ambiental que garanta o cumprimento das medidas anteriores.

Antecedentes

No marco do desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia, o Goberno Galego elaborou a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Posteriormente esta Lei é modificada pola Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, segundo a cal se poden presentar solicitudes para a autorización de parques eólicos naquelas zonas do Plan Sectorial Eólico de Galicia que se atopen libres. É por iso que se presenta o proxecto de execución do Parque Eólico "Felga", nos termos municipais de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña).

No artigo 36 da Lei 8/2009, do 22 de decembro antedita, e a modificación á mesma incluída na lei de fomento dá implantación de iniciativas empresariais en Galicia, expónse que para a solicitude de autorización dun parque eólico, débese realizar xunto ao proxecto de execución das instalacións un estudio de impacto ambiental (EIA) e un proxecto sectorial, cuxo contido debe incluír a documentación esixida no artigo 10 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.





Con data outubro de 2017 foi presentado o proxecto de execución e o EIA do Parque Eólico “Felga”, nos termos municipais de Coirós e Oza-Cesuras (A Coruña).

Dada a presenza dun parque eólico da mesma entidade, o Parque Eólico “Gato”, que foi proxectado próximo ás instalacións do Parque Eólico “Felga” e que conta cunha subestación propia, e co fin de evitar a duplicidade de instalacións e reducir así os impactos ambientais asociados, considérase a necesidade de deseñar unha nova planta para o Parque Eólico “Felga” sen subestación propia, utilizándose unha única subestación e unha única liña eléctrica aérea para evacuar ambos os parques.

Debido a iso elaborouse un novo proxecto de execución e preséntase de novo o EIA do Parque Eólico “Felga”, nos termos municipais de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña).

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe titúlase **“Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico “Felga”, nos termos municipais de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña)” de febreiro de 2020**, realizado por un equipo multidisciplinar e dirixido polo enxeñeiro de montes D. Sergio Quintanilla Murillas, que inclúe unha memoria con anexos (1.- Estudio da vexetación, hábitats naturais e flora protexida, 2.- Estudio preoperacional de avifauna e quirópteros, 3.- Estudio de impacto e integración paisaxística, 4.- Estudio de impacto turístico, 5.- Estudio de impacto sobre patrimonio cultural, 6.- Proxecto de restauración, 7.- Plan de Seguimento e Vixilancia Ambiental, 8.- Reportaxe fotográfica, 9.- Estudio do efecto parpadeo de sombras, 10.-





Estudio de afección electromagnética, 11.- Bibliografía e lexislación, e 12.- Características técnicas do aeroxerador) e planos.

A continuación descríbense as obras do parque eólico segundo a documentación aportada.

O Parque Eólico “Felga” estará emprazado dentro nos termos municipais de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, e sitúase dentro das Áreas de Desenvolvemento Eólico denominadas Pico Felga e Monte do Gato, incluídas dentro do Plan Sectorial Eólico de Galicia. O parque estará composto por 5 aeroxeradores modelo VESTAS V136 4,2 do fabricante VESTAS ou similar, de potencia máxima activa de xeración eléctrica 4.200 KW para unha potencia instalada de 21 MW. As coordenadas UTM dos aeroxeradores que compoñen o parque son:

Aerogenerador	UTM-X	UTM-Y	AYUNTAMIENTO
AE 01	570.621	4.785.925	Coirós
AE 02	570.970	4.785.743	Coirós
AE 03	571.313	4.785.488	Coirós
AE 04	571.516	4.785.202	Coirós
AE 05	571.760	4.784.998	Coirós

O parque eólico conta así mesmo cun centro de seccionamento e control e cunha torre anemométrica cuxas coordenadas UTM, referidas ao Datum etrs89 fuso 29, son as seguintes:

	UTM X [m]	UTM Y [m]
Centro de Seccionamiento	571.770	4.784.806
TM1	570.519	4.786.208

A obra civil correspondente ao dito parque eólico resúmese a continuación:

- Accesos e viarios interiores

Os accesos xerais ao parque eólico realizaranse a partir da infraestrutura viaria existente na zona. Defínese unha sección tipo de viario interior do parque cun ancho de plataforma de 5,00 m. O firme dos camiños de acceso ás máquinas estará constituído por unha capa de 30 cm de saburra artificial, que servirá de base e rodadura, despois de retirar a capa superficial de terra vexetal, ou ben sobre terraplén.

Para evitar a circulación de augas sobre o firme dos diferentes camiños do parque e captar a escorrentía do terreo construírase unha cuneta, de sección triangular non revestida que desaugará cara ás liñas de drenaxe natural.

Estímase unha lonxitude total de 3.266,55 m de viarios (desagregados en 3.039 m de viarias novos e 227 m de viarios a acondicionar).

- Plataformas de montaxe. Áreas de manobra

As áreas de manobra son zonas construtivas, auxiliares, cuxa finalidade é a de permitir os procesos de descarga e ensamblaxe, así como do posicionamento de guindastres para posteriores izados, dos diferentes elementos que compoñen un aeroxerador.





O proceso construtivo das áreas adoita ser de sinxela execución, limitándose na maioría dos casos a procesos de despeixe e roza e posteriores "repasados", das superficies resultantes, mediante rodetes compactadores de 12-14 Tn. Opcionalmente, e segundo necesidades puntuais, poden tratarse as superficies das áreas con saburras naturais compactadas ao 98 % de PM en capas non inferiores aos 20 cm.

A plataforma propiamente dita ten unhas dimensións de 36 x 21,5 m, unha superficie que embebe á cimentación de 21,5 x 21 m e dúas pequenas superficies laterais ao camiño de acceso necesarias para a montaxe do guindastre de celosía dunha superficie de 105 m². A área de almacenamento de pas conta cunhas dimensións de 16 m pola lonxitude das pas máis un corredor interior de 3 m de ancho.

- Cimentacións dos aeroxeradores

A cimentación das torres dos aeroxeradores consistirá nun pedestal metálico que se embebe nunha zapata de planta circular, que presenta as seguintes dimensións:

- Profundidade de escavación : 3 m
- Diámetro exterior de zapata: 21,5 m
- Canto exterior de zapata: 1 m
- Altura área central zapata: 2,7 m
- Noiro de escavación H:1/V:5

O pedestal está conformado co anel de aceiro de ancoraxe que queda embebido na zapata. Énchese parcialmente con formigón.

- Gabias para cableado e rede de terras

A rede de cables do parque eólico, composta por tendidos de media tensión, baixa tensión e comunicacións, realízase mediante conducións en gabias, con tres niveis superpostos de cableado. Resultan 3.005,70 m de gabia. As gabias para aloxar o sistema colector do parque execútase escavando con retroescavadora ata 1,20 m de profundidade, cunha anchura de entre 0,60 m e 1,30 m.

- Torre meteorolóxica

A torre é de celosía galvanizada, autosoportada e de sección triangular. Consta de 10 tramos compostos de tres montantes arriostados con barras horizontais e inclinadas, para unha altura de 112 m.

- Centro de seccionamiento e control

O centro de seccionamiento e control será de tipo PFU, constando dunha envolvente de formigón, de estrutura monobloque, en cuxo interior se incorporan todos os compoñentes eléctricos, desde a apartamenta de Media Tensión, ata os cadros de Baixa Tensión, incluíndo os transformadores, dispositivos de control e interconexións entre os diversos elementos. A instalación dos PFU é especialmente sinxela xa que as operacións "in situ " poden reducirse ao seu posicionamento na escavación, e ao conxestionado dos cables de acometida.

- Zona de campamento de obra, maquinaria e provisións

No proxecto de execución do parque eólico non se contemplaba a execución dunha superficie propia destinada á obra, parque de maquinaria e zona de provisións de materiais a instalar, xa





que se contempla para este parque utilizar a zona destinada a este fin do Parque Eólico "Gato", situada nunha zona próxima á a súa subestación, formando parte do proxecto dese parque eólico.

- Evacuación enerxética do parque eólico

A alternativa para realizar a interconexión do Parque Eólico "Felga" é a subestación do Parque Eólico "Gato" 30/220 kV situada no Concello de Oza-Cesuras, á que se verte a enerxía do parque eólico e que é obxecto dun proxecto independente. Desde este punto partirá unha liña eléctrica aérea ata a subestación de Mesón do Vento 220 kV. A liña eléctrica de evacuación de parque eólico tamén é obxecto dun proxecto independente.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede Fluvial

O Parque Eólico "Felga" atópase situado dentro das Áreas de Desenvolvemento Eólico denominadas denominadas Pico Felga e Monte do Gato, nos termos municipais de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, na provincia de A Coruña. O parque eólico atópase dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. O sistema de explotación no que se sitúa o parque eólico é o 12 "RÍO MANDEO E RÍA DE BETANZOS".

Discorren, próximos ás actuacións definidas na documentación achegada, os seguintes cauces fluviais codificados por Augas de Galicia: Río Mandeo (111), os seus tributarios Río Mendo (111025) e Río Vexo (111019), e os seus afluentes.

Pódese consultar e contrastar estes extremos na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha conca de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Vista a documentación presentada e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2019, non se aprecian cauces fluviais codificados por Augas de Galicia afectados no entorno directo dos aeroxeradores e as súas plataformas de montaxe, nin da torre ou do centro de seccionamento. Tampouco, detéctanse afeccións a cursos fluviais por parte das gabias de cableado ou de camiños de acceso ao parque.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización





administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Nestes casos, segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH, será necesario solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais dunha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflictan as actuacións a realizar e as marxes dos cauces así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos cauces no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Do mesmo xeito, indicar que no caso de que a superficie destinada á zona de provisións de materiais se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan a ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro. A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>. Cómpre salientar ao respecto das zonas protexidas do PHGC, que se atopa o Tramo de Interese de Especies Ameazadas "Río Mandeo" a uns 3 quilómetros ao norte das actuacións.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, non consta ningunha a unha distancia inferior ou igual a 500 m ao redor das obras.

O parque eólico sitúase na área protexida a nivel internacional Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo – Zona de Tampón".

En canto as áreas protexidas a nivel europeo, o espazo de protección máis cercano á zona de actuación é o ZEC "Betanzos-Mandeo" a uns 2,9 quilómetros ao noroeste da actuación.

No tocante ás áreas protexidas a nivel estatal ou autonómico, a máis cercana é o ZEPVN "Betanzos-Mandeo", a uns 2,9 quilómetros ao noroeste do parque eólico.

En canto as zonas incluídas no Catálogo galego de humidaís, os humidaís máis próximos ás actuacións son: o humidal "Rego da Pasaxe" a uns 3 quilómetros ao sueste das obras, o humidal "Braña do Porto Moreiro" a uns 3,35 quilómetros ao sueste das instalacións do parque eólico, o humidal "Braña da Boquela" a uns 3,7 quilómetros ao sur das actuacións, o humidal "A Queimada" a uns 3,75 quilómetros ao sueste das obras e o humidal "As Cotorras" a uns 3,9 quilómetros ao sueste do parque eólico. Hai outros humidaís situados a pouco máis de 4 quilómetros do parque eólico, como os humidaís "A Boquela", "Paraños", "Braña de Ulloa-2", "Branca do Porto Franco", e "Encoro do Zarzo".





En todo caso, deberase ter en conta a presenza de humidais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas





que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao





caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/> pódese consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente. O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, non constan captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras).

No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar ós afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

“Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...





2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de $T=500$ anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as Condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstas, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os cauces disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituir un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata ós leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.





Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveles freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras en zona de policía a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ó remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de prestamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

En consecuencia, e de acordo co exposto, infórmase **favorablemente** ao documento **“Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico “Felga”, nos termos municipais de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña)” de febreiro de 2020**, sempre que se teñan en conta os parágrafos precedentes.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas no documento sometido a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela

-A xefa de Área de Autorizacións e Concesións- María C. Beneyto González-Baylín (Sinatura dixital)

-O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico- Roberto Arias Sánchez (Sinatura dixital)

